Trasalba 2-I-1962

Sr. Dn. Daniel Garrido Castromán
Vilagarcia de Arosa

Meu querido amigo:

Na soleira do 62 alagado en chuvias vai un abrazo, dende a vella casa chantada no camiño de séculos de outro tempo como a min.. Que desfroite do ditoso Nadal e cũa pra Vde e sua dona e xentil volada e axromar de fillos un ano ben herdado en esperanza e saude.

Moitas lembranzas — e tamén as de miña muller — pra sua dona e fillos. Agora xa non bulo como dinantes. Vou sendo o derradeiro cascarelho das chaos de Amoeiro

Sempre vello amigo con abrazos

Ramon Otero Pedrayo

**Documento 1 - Carta del 2 de Enero de 1962**

Trasalba 2-I-1962 Sr. Dn
Daniel Garrido Castromán

Vilagarcía de Arousa
Meu querido amigo:

Na soleira do 62 alagado en chuvias vai un abrazo, dende a vella casa chantada no cerne de eidos de outro tempo como a min…que despoixa do ditoso Nadal veña pra Vde. e sua dona e xentil rolada e agromar de fillos un ano ben herdado en espranza e saude.

Moitas lembranzas - e tamén as da miña muller - para sua dona e fillas. Agora xa non bulo como dinantes. Vou sendo o derradeiro caracocho dos chaos de amoeiro.

Sempre vello amigo con abrazos

Trasalba 26 do Nadal de 1967

Sr. Dn. Daniel Garrido Castromán
Sta Uxía de Riveira

Meu querido amigo: Moito agradecin o seu recordo pois pra os vellos nada hai atal agasalleiro como a lembranza dos novos. Prégolle saúdos ós seus queridos pais. Supoño que estarán ben. Moi bos e caros amigos meus.

Pra Vde despois dun ledo Nadal e un esperanzado Aninovo no 68 con saúde e bos traballos.

Sempre vello amigo con apertas

Ramón Otero Pedrayo

## Documento 2: Carta del 26 de Diciembre de 1967

Trasalba 26 de Diciembre de 1967

Sr. Dn Daniel Garrido Castromán

Santa Uxía de Riveira

Meu querido amigo:

Moito agradecín o seu recordo pois hoxe pra os vellos nada hai atal agasalleiro como a lembranza dos novos. Prégolle saúde ós seus queridos pais. Supoño que estarán ben. Moi bos e caros amigos meus.

Pra Vde. despois dun ledo Nadal e un espranzado aninovo un 68

Con saúde e bos traballos.

Sempre vello amigo con apertas

Ourense 21 Nadal 1969

Querido amigo: Moi ledo
ca sua tarxeta. Cando teña
tempo escríbame novas da
familia. Sempre me lembro de ela. Que teña moi
ditoso Nadal e bon 1970,
nisas fermosas riveiras

Sempre vello amigo con
afectos

Ramón Otero Pedrayo

N.º 6 PADRÓN.

Casa de Rosalía.
Entrada o xardín.

Ourense
Paz, 25

PATRONATO ROSALIA DE CASTRO

Reproducción prohibida

Xunto dela os paxariños
gorgorexan que é un concerto,
falle festiñas o vento
cos seus irmáns os piñeiros.

PARA GUI... BARCELONA Y VA... PONGA EL DISTRITO

ESPAÑA

Sr. D.
Daniel Garrido Castromán
Colexio "Galaxia"
Sta. Eugenia de Riveira
(La Coruña)

Depósito Legal VG 25-1968

## Documento 3: POSTAL del 21 de Diciembre de 1969

**Ourense 21 Nadal 1969**

**Querido amigo: Moi ledo ca súa tarxeta. Cando teña tempo escríbame novas da familia. Sempre me lembro de ela. Que teña moi ditoso Nadal e bon 1970 nisas hermosas riveiras.**

**Sempre vello amigo con apertas.**

Ourense 10 do xaneiro do 1970

Sr. Dn Daniel Garrido Castromán
Santa Uxía de Riveira

Meu querido amigo e compañeiro:

Graciñas e ditosas horas con bos traballos no 71. Tardei moito en corresponderte pola neve que me tivo ledi-rosamente choido na aldea e pola priguiza dos anciáns. Esas beiras da Barbanza e de Arousa son os paxos do azul, da calma e a gracia. Con saúdos os paisiños. Teño inquedos desexos de facer un viaxe por esas orelas. Non sei cando ha ser. E pouco tempo me queda.

Sempre ben agradecido amigo con apertas

Ramón Otero Pedrayo

Sr. Dn Daniel Garrido Castromán
Santa Uxía de Riveira

Meu querido amigo e compañeiro:

Graciñas e ditosas horas con bos traballos no 71. Tardei moito en corresponderlle pola neve que me tivo ledorosamente choido na aldea e pola pregiza dos ancianos. Isas beiras da Barbanza e de Arosa son os pazos do azul, da calma e a gracia. Con saúdos ós paiciños. Teño inquedos desexos de dar un viaxe por isas orelas. Non sei cando ha sere.

E pouco tempo me queda.

Sempre ben agradecido amigo con apertas

Santander 30-XII-72

Sr. D. Daniel Garrido Castromán
S. Uxía de Ribeira

Meu querido amigo: Infinitas grazas. Que teñan un bo
comezo de ano con paz e esperanza. Hei ver se podemos sentir unha
noite a respiración cósmica do Atlántico. Sei cán ben pa-
sou estes días ca xente da miña muller. Vde que é un
rapaz ten de facer no ano que ven algo xunto por Gali-
za. Hoxe somos a primeira cultura rexional da Penín-
sua. Lembrando sempre os seus pais.

Vello amigo con apertas,

Ramón Otero Pedrayo

## Documento 5: CARTA del 13 de Diciembre de1972

Santander 30-12-1972

Sr. D. Daniel Garrido Castromán

S. Uxía de Riveira

Meu querido amigo: Infindas graciñas. Que teñan un ledo comezo do ano en paz e espranza. Ha ser fermoso sentir pola noite a respiración cósmica do Atlántico. Eu eiquí pasando estes días en xunta da miña muller. Vde. que é un rapaz ten de facer no ano que ven algo xusto por Galiza.

Hoxe somos a primeira cultura regional da Penínsoa.

Lembrando sempre ós seus pais. Vello amigo con apertas

Ourense 23 Nadal 1974

Sr. Dr. Daniel García Castromán

Riveira.

Meu querido amigo: Moita oferta, moi agradecido a súa saudación de Nadal. Tamén eu, lembrándome de seus queridos pais e de Vd., lle desexo moi boas horas nas festas vindeiras, e un 75 ben cheo de traballos nobres e de esperanzas.

Sempre seu vello compañeiro con afecto,

Ramón Otero Pedrayo.

# <u>Documento 6: CARTA del 23 de Diciembre de 1974</u>

Ourense 23 de Diciembre de 1974

Sr. Dn Daniel Garrido Castromán

Riveira

Meu querido amigo: Unha aperta. Moi agradecido a súa salutación do Nadal. Tamén eu lembrándome dos seus queridos pais e de Vde. Lle desexo moi boas horas nas festas vindeiras, e un 75 ben inzado de traballos nobres e de espranzas.

Sempre seu vello compañeiro

*

*   *